

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Antropoloxía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

O que diferencia claramente a antropoloxía doutras disciplinas veciñas é, sen lugar a dúbidas, o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a potente lente dunha análise obxectiva que, de seguro, debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e, sinaladamente, como ser social; e hoxe engadiríamos, global. Pero ademais, esta materia proporciona múltiples perspectivas xa que combina, dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e ópticas diversas. A rica combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de insuflarlles ás alumnas e aos alumnos un aire de comprensión e universalidade que os libere do cinto de etnocentrismo que a cotío preside as súas vidas.

Esta riqueza perspectivística pode axudar ao alumnado dun xeito determinante, por unha banda, a alcanzar unha fértil madurez como persoa e, por outra, a fixar e relacionar os diversos coñecementos que foi adquirindo na súa traxectoria académica: filosofía, bioloxía, linguas, historia, economía, arte, etc. Daquela, a Antropoloxía convértese por dereito propio nunha materia que, caracterizada pola súa inherente transversalidade, lle propoña ao alumnado a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica, crítica e construtiva. Pero é que a antropoloxía, como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, proporciónalle ao discente unha sorte de visión de amplo espectro que, de seguro, lle procura un horizonte de comprensión abstracto que pode axudalo, dun xeito moi específico e práctico, a entender de forma madura e intelixente o mundo global no que nos movemos e a incardinarse nel. E, desde logo, sen renunciar a achegar un punto de vista, antropoloxicamente mediado, da nosa realidade en Galicia. Ser quen de contrastar ou, por mellor dicir, examinar cientificamente outras crenzas e visións do mundo desde unha perspectiva eminentemente crítica é un obxectivo que se debe lograr para o enriquecemento do pensamento do alumnado e a súa propia autocomprensión como persoa galega.

O currículo da materia consta de catro bloques que reflicten a evolución histórica desta disciplina. Logo do primeiro, de carácter introdutorio, abórdanse tres bloques específicos. Comezando pola antropoloxía filosófica enfocada desde unha perspectiva histórica, pásase despois á antropoloxía físicobiolóxica, e finalízase facendo especial fincapé na antropoloxía sociocultural, na que ademais se lle presta unha atención específica á cultura galega mediante a realización dun traballo de campo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da Antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo.			2		11	1		1
OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía vén facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que poidan constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas, así como confrontándoas coas achegadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e para darllo ao mundo.	1-2		2	1	40	3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou as diferenzas entre individuos e grupos humanos.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-4		1
OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, á cultura e á interacción co ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-3-4		1
OBX5 - Entender o ser humano como animal social e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropolóxico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropolóxicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas.	1-2-5	3	2-4	1-2	40	1-2-3		1
OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmateral, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre ela.	1-2-3	3	2-4	1-2	31-40	1-2-3	3	1-2

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A antropoloxía como campo de estudo	Obxecto da antropoloxía, ramas, métodos e disciplinas relacionadas	20	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A antropoloxía como campo de estudo	coa antropoloxía.	20	30	X		
2	A xenealoxía da especie humana	Orixe e evolución dos seres humanos.	20	30	X		
3	Cultura, herdanza e medio: a diversidade cultural	Determinismo biolóxico e a construción cultural do ser humano.	10	20		X	
4	Cultura e linguaxe: produción e transmisión cultural	A importancia da linguaxe na definición de cultura. O ser humano como animal simbólico.	10	20		X	
5	Familia e parentesco	A familia, tipos, parentesco, grupos de filiación.	10	10		X	
6	Antropoloxía cultural galega	Aspectos específicos da cultura galega.	10	10			X
7	A singularidade do humano	A historicidade do ser humano, a condición humana, liberdade e determinismo, o problema mente-cerebro.	10	10			X
8	Natureza humana	A pregunta pola natureza humana na tradición filosófica e as súas respostas.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A antropoloxía como campo de estudo	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da Antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	Distingue o ámbito do saber da antropoloxía e a súa metodoloxía.	PE	100
CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da Antropoloxía.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar.		
CA1.3 - Diferenciar a Antropoloxía doutros saberes.	Sinala a diferenza entre a antropoloxía e outros saberes.		
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Distingue as achegas das diferentes escolas antropolóxicas e diferenza entre a perspectiva emic e etic		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A Antropoloxía. - Definición.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxecto. - Fins. - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. - Ramas da antropoloxía. - Antropoloxía física. - Antropoloxía sociocultural. - Antropoloxía filosófica. - A Antropoloxía e a súa relación con outros saberes. - A Antropoloxía sociocultural. - Os métodos de investigación. - As escolas antropolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
2	A xenealoxía da especie humana	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxénica do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar.	PE	100
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar.		
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras.	Argumenta de forma clara e coherente sobre a diversidade e variabilidade da especie humana individualmente ou en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución humana: o proceso de hominización. - A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo. - A árbore filoxenética.

UD	Título da UD	Duración
3	Cultura, herdanza e medio: a diversidade cultural	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar.	PE	100
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras.	Argumenta de forma clara e coherente sobre a diversidade e variabilidade da especie humana individualmente ou en grupo.		
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Comprende e analiza o termo cultura e os procesos de endoculturación.		
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar e argumenta de forma clara e coherente sobre as implicacións das distintas actitudes ante a diversidade cultural.		
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar e entende as implicacións das producións materiais e inmateriais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de humanización. - A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto. - O papel das mulleres na humanización. - A diversidade biolóxica das poboacións humanas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O papel da herdanza, a cultura e o ambiente nela. - Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie. - Definición de cultura e endoculturación. - A construción social da cultura. - Culturas tradicionais e culturas globalizadas. - A diversidade cultural. - Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic. - Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. - A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero. - Os universais culturais.

UD	Título da UD	Duración
4	Cultura e linguaxe: produción e transmisión cultural	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Definir o ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais e comprendendo a noción de rol social e cultural.	Define ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural.	PE	100
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar e entende as implicacións das producións materiais e inmateriais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal social. - O rol social e cultural. - A dimensión social e cultural da linguaxe. - As diferenzas sociais. - A produción cultural material e inmaterial. - O hábitat. - Os costumes e tradicións.

Contidos

- As manifestacións culturais.

UD	Título da UD	Duración
5	Familia e parentesco	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo.	Coñece o vocabulario básico do tema a tratar.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Antropoloxía do parentesco.

UD	Título da UD	Duración
6	Antropoloxía cultural galega	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico.	Argumenta de forma clara e coherente sobre aspectos propios da cultura galega.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía.

UD	Título da UD	Duración
7	A singularidade do humano	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar o papel da Antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación.	Comprende os textos relativos á temática da antropoloxía filosófica e realiza unha análise crítica dos mesmos.	PE	100
CA2.2 - Reflexionar sobre a situación da filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da Antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da Antropoloxía fisicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica.	Argumenta sobre a posibilidade de construír un espazo autónomo para a indagación filosófica sobre o ser humano.		
CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos achegados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía.	Sabe seleccionar información e argumenta sobre as grandes teorías filosóficas que pretenderon definir ao ser humano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía entre as disciplinas filosóficas. - A posición ontolóxica do ser humano. - As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política. - A Antropoloxía filosófica na era da Antropoloxía fisicobiolóxica e da Antropoloxía sociocultural. - A busca da especificidade humana. - Autoconsciencia e consciencia da finitude. - A linguaxe e o simbolismo. - A praxe en liberdade. - As paixóns e os afectos.

UD	Título da UD	Duración
8	Natureza humana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradición non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía.	Coñece as variacións históricas sobre a natureza humana.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A idea da natureza humana na tradición filosófica. - O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais. - Na Filosofía antiga. - No Medievo. - Do Renacemento á Ilustración. - Desde o século XIX.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Antropoloxía desenvolverá o currículo segundo as seguintes liñas de actuación:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A incentivación dun afán de indagación e necesidade de novos coñecementos a través da capacidade de xeración de curiosidade.
- O uso de estratexias para traballar o carácter transversal e práctico, empregando no proceso de ensino e aprendizaxe, de xeito asiduo, as tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a recursos virtuais.
- O emprego de metodoloxías activas que procuren un saber facer que conecte coas habilidades prácticas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual

Este Departamento non fixa ningún libro de texto como oficial. Os profesores que impartan a materia elaborarán o material que se empregue; este estará baseado en libros de texto, manuais, material audiovisual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Se o profesor o considera necesario ao comezo do curso e/ou bloque pode facer unha proba para comprobar os coñecementos previos, a comprensión e a expresión escritas. En función dos problemas detectados e o seu grao tomaranse as medidas máis adecuadas e en caso de necesidade recorrerase ao Departamento de Orientación do centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	10	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita...), suporán o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos). Poderanse facer unha ou máis probas escritas por trimestre. Neste último caso a nota será a media aritmética das probas realizadas por trimestre cunha nota igual ou superior a 5.
2. Os traballos e actividades individuais ou en grupo que se propoñan, que se avaliarán como proba escrita, suporán un 20% na cualificación. Na avaliación dos traballos e actividades, ademais do contido, terase en conta a elaboración e a orde, a presentación, a corrección na expresión e a entrega no prazo indicado.
3. No caso de non haber cualificación de actividades, a cualificación será a media das obtidas nos exames cualificados sobre 10.

Con carácter xeral, os criterios de corrección e puntuación das probas escritas, dos traballos e actividades que realice o alumnado atenderán aos seguintes aspectos vinculados aos mínimos de consecución da materia:

- Adquire, coñece e emprega con rigor o vocabulario básico do tema a tratar.
- Comprende os textos e realiza unha análise crítica dos mesmos.
- Sabe sistematizar e seleccionar a información.
- É capaz de argumentar de forma clara e coherente.
- Desenvólvese sen dificultades nas técnicas da retórica e a argumentación lóxica.
- Presenta as probas escritas, actividades ou traballos con corrección formal, expresiva e ortográfica.
- Con carácter xeral, o referente da avaliación será a materia impartida na clase.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais cunha nota igual ou superior a 5.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo en función dos seguintes criterios: realización de actividades e responsabilidade co traballo diario da materia.

(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

O emprego de métodos fraudulentos, así como a tenencia de calquera tipo de material de apoio, apuntes, etc. relacionados coa materia, durante calquera proba escrita, suporá un 0 na mesma.

A non realización dun exame sen a debida xustificación documental suporá un 0 no exame e implicará a perda do dereito á repetición do mesmo.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade de refacer traballos non superados ou unha proba a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación do alumnado.

Cando un alumno/a teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria de recuperación previa á avaliación ordinaria baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A partir do 9 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e de preparación das probas extraordinarias.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliacións ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado encargado organizará as actividades de recuperación para que os alumnos fagan o seguimento das mesmas, da maneira máis conforme e adecuada para o alumnado. Os que non sigan e realicen tales actividades terán a oportunidade de realizar as probas de avaliación, convocadas pola Xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

Actuarase conforme aos protocolos proporcionados polo Departamento de Orientación (protocolos por necesidades educativas específicas: TDAH, Dislexia, TEA, etc.) nos casos detectados e, en consonancia, tomaranse as medidas recomendadas polo mesmo.

1. Adaptación de acceso (art. 43 da Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado)

1.1. Situación (preto da mesa da profesor/a, a carón de compañeiros, lonxe de distraccións, etc.)

1.2. Axudas á mobilidade, materiais tecnolóxicos, etc.

2. Adaptacións na metodoloxía: (art. 45 da Orde do 8 de setembro de 2021)

2.1. Previas

-Facilitar material escrito para evitar tomar apuntes ou copiar. resumos, esquemas, vocabulario previo para permitirle acceder á comprensión dun tema.

-Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade.

-Fraccionar o traballo en tarefas curtas (ex.: en lugar de resolver todos os exercicios xuntos, facer e corrixir un por un, especificar cada paso, non dar todas as instrucións xuntas, etc.)

-Deseñar traballos por proxectos. Deseñar tarefas de acordo aos seus intereses.

-Uso e seguimento de axenda escolar.

-Tradución á lingua vehicular do alumnado para facilitar a súa comprensión.

2.2. Durante a clase

-Promover a súa participación con preguntas. Promover o traballo en equipo, cooperativo e con grupos heteroxéneos

-Actividades con traballo práctico (individual ou en grupo), busca de información, exposicións..

-Facilitarlle máis tempo para rematar as tarefas de clase

-Utilizar frases curtas e claras nas explicacións. Presentar a idea principal ao principio.

-Utilizar reforzos e apoio visual na instrución oral. Usar e reclamar o contacto visual.

-Achegarnos á súa mesa para supervisar e axudar con máis explicacións ou directrices.

-Supervisar as tarefas para a miúdo, reconducir os erros por despiste, dar aprobacións.

-Ir marcando os tempos, orientar sobre o tempo das tarefas, entregas, etc.

2.3. Fóra da clase

-Facilitar tarefas para casa para o afianzamento de contidos e para a recuperación de aprendizaxes non acadados.

-Flexibilizar os prazos na entrega de traballos.

-Promover a titoría entre iguais.

-Motivar por ter rematadas as tarefas ben feitas, describindo a calidade do traballo.

- Manter comunicación coa familia, informar ao titor/a.

2.4. Avaliación

-Exames escritos adaptados: prestar atención ao tipo de letra, o tamaño, o espazo entre liñas. Subliñar as palabras clave.

-Asegurarse de que comprende as preguntas para poder contestalas e asegurarse de que está contestando correctamente. Complementar os exames escritos de forma oral cando se observan que están incompletos. Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Flexibilidade coa ortografía nos exames escritos, especialmente nos casos de Dislexia e TDAH. Complementar a avaliación con outros instrumentos: cadernos de clase, rúbricas, observación, entrega de deberes, traballos, exposicións, seguimento diario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión de lectura, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Fomento do espírito científico e crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Igualdade de xénero		X			X		X	X
ET.6 - ET.6 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Emprendemento social e empresarial							X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades do Centro	Actividades organizadas polo Centro	X	X	X

Observacións:

Un centro docente organizado sobre principios de participación e democracia posúe unha grande capacidade formativa en aspectos como o respecto mutuo, a solidariedade, a cooperación, a adopción de acordos colectivos e o respecto aos mesmos, o desenvolvemento do xuízo ético, a solución dialogada dos conflitos, a defensa dos dereito propios e cumprimento dos correspondentes deberes. Por esta razón, fomentárase a participación do alumnado nas actividades propostas polo centro e por outras administracións que teñan un valor formativo nestes valores.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Conseguíuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Dase un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
Medidas de atención á diversidade
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?

Descrición:

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente farase segunha unha escala 1-4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Nas reunións do departamento farase o seguimento da programación en cada curso e nivel. En función dos problemas detectados e resultados acadados valorarase a necesidade de realizar cambios na programación se for posible; en tal caso as modificacións serán reflectidas nas Actas do Departamento e na Memoria final. Por outra parte e se for necesario, para cada uns dos ítems seguintes proporase un plan de mellora.

Os principais criterios de avaliación e revisión da programación son os seguintes:

Os instrumentos de avaliación e os indicadores de nivel de logro son claros e comprensibles. A programación é explicada aos alumnos/as.

Analízanse as suxestións e propostas de mellora útiles que fan os alumnos/as.
O proxectado na programación coincide co traballo que desenvolvido na aula.
O explicado na aula e as actividades axústanse aos estándares de aprendizaxe, ás competencias e aos obxectivos.
Os contidos son desenvolto de forma ordenada e comprensible para os alumnos.
Selecciónanse e distribúense os contidos tendo en conta as particularidades do alumnado.
Proporciónase un plan de traballo a o comezo da unidade.
Foméntase a participación e reflexión dos alumnos tanto ao comezo do tema como ao longo da exposición.
Relaciónanse os contidos do tema cos intereses do alumnado, cos contidos doutras disciplinas, con contidos xa coñecidos e con situacións da vida cotiá.
Utilízase material audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos.
Realízase una breve avaliación inicial para detectar os coñecementos previos dos alumnos.
Proporciónanse pautas de realización de actividades e corríxense as actividades proporcionando pautas de mellora.
Existe coordinación e colaboración entre os membros do Departamento.

9. Outros apartados